

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DEZASETE DE XANEIRO DE 2008, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente: D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS
D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a: MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a: M^a. JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
D^a. XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día dezasete de xaneiro de dous mil oito, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1^o.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (15/11/2007 e 17/12/2007)

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día quince de novembro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

De seguido dáse conta das actas das sesións extraordinaria e ordinaria celebradas os días dezasete e vinte e sete de decembro respectivamente, que quedan pendentes de aprobar

2^o.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

Pleno do mes de outubro:

-- Ás preguntas de dona Xosefina R. Guitián do BNG, a Presidencia contéstalle:

1.- A pregunta sobre da eliminación de barreiras arquitectónicas, di que se están con iso e en canto á páxina web que se espera que estea este mesmo mes.

2.- Sobre do estudio do custo para gravar os plenos, que xa se solicitaron presupostos a tres empresas e que dúas presentaron xa a súa oferta estando á espera de que se presente o terceira, e que o custo é de aproximadamente 8.000 euros.

3.- En canto á reapertura dos centros médicos de Santa Cruz e San Xián, que se remitiu o acordo plenario tomado no mes de setembro á Consellería de Sanidade

4.- Sobre da reclamación conxunta con outros concellos para a gratuidade da autoestrada a Ourense, di que non houbo iniciativas, pero que se as houbera o concello se podería adherir a elas.

--Ás preguntas de don Carlos Martínez do PP, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre da colocación do ascensor na Casa de Cultura de Santa Cruz, a Presidencia di xa se incluiu o gasto no orzamento do exercicio 2008

2.- En canto ó muro no terreo situado na parte de abaixo da igrexa de San Pedro de Sarandón, di que esas obras levaranse a cabo coa brigada municipal de obras.; o cemiterio encargárase a parroquia e que o concello pagará o importe do correspondente proxecto, tal e como se fixo con outras parroquias..

Pleno do mes de novembro:

--Ás preguntas formuladas por dona Xosefina R. Guitián, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre das facturas de procuradorías , di que son recursos contencioso-administrativos presentados contra da aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM)

2.- Á pregunta sobre da subvención do INEGA, di que se rexeitou dada a escasa cantía, pero que se farán novos contactos co citado organismo para acadar unha subvención maior.

3.- Con respecto ó escrito da AA.VV. de Santa Cruz de Ribadulla sobre situación de risco dun veciño desa parroquia, di que no seu momento xa se fixo o que se puido e que o citado veciño xa finou

4.- Présa de Caldelas: non procede esta pregunta

5.- Sobre do proxecto para a depuración de lodos de depuradoras e a súa transformación en abonos e biogás, di que fai dous anos xa se fixeron xestións e todo depende de Urbanismo e Medio Ambiente, e que se está pendente diso

6.- Sobre do proxecto para conseguir comedor no C.E.I.P de Ortigueira, di que houbo unha reunión co Director e a APA do mesmo, e que se acordou falar co Delegado de Educación e acondicionar un local.

7.- Sobre da xanela rota no 1º andar da escola de San Miguel de Sarandón, di que xa se foi ver para arranxala.

--Ás preguntas de don José Alvela de TEGA, a Presidencia contéstalle

1.- Sobre do proxecto para *mellora e acondicionamento da área recreativa no campo da festa de San Miguel de Sarandón*, a incluír *no plan piloto de mellora en calidade turística de Portodemouros*, a Presidencia di que o citado proxecto estivo exposto ó público e que se presentaron alegacións ó mesmo durante o prazo de exposición pública, e que agora se están a estudar solucións, entre outras, ó pino e ós palcos de música.

2.- Sobre da retirada de cans vagabundos, contéstalle que a retirada é moi costosa; que houbo algunha reunión na Mancomunidade de Compostela e que está a pensar en contratar unha empresa, por se así se abarantan ós custos.

--Ás preguntas de don Carlos Martínez, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre da seguridade nos espazos públicos, que algunhas instalacións son propias das asociacións, pero que non obstante pénsase en adaptalos e deixalas en condicións

2.- Con respecto á pregunta sobre das instalacións de Anonizados Vedra, S.L e Lacados Vedra, S.L, di que o concello inspeccionou o exterior pero que, en principio, non ten competencias para a zona interior; pero non obstante que se insistirá no tema e que se lle notificará a situación ós organismos correspondentes.

3.- Sobre da recuperación do antroido da Ulla, que este ano se fará en Vedra e que a tendencia é unificar a zona da Ulla, aproveitando para convidar a todos os concelleiros/as a disfrazarse e a participar no mesmo.

4.- Sobre da estrada Vedra -Santa Lucía, que se está a estaquillar a estrada para levar a cabo as expropiacións

5.- Con respecto á emisión de TV na zona da Ulla, que se fixeron xestións e que se está a plantexar como asumir o custo das novas instalacións que afectarían ás zonas que non se Ponte Ulla.

Pleno do mes de decembro:

--Á pregunta de dona Xosefina R. Guitián do BNG sobre do teléfono do Centro de Saúde de Vedra, a Presidencia contéstalle que xa se xestionou coa Consellería para que asuman o gasto

--En canto ó rogo de don José Alvela de TEGA para que se arranxase unha pista en Cimadevila, a Presidencia di que se vai arranxar.

3º.- Rogos e preguntas

-- Dona Xosefina R. Guitián do BNG formula as seguintes preguntas:

"1.- Hai Resolucións da Alcaldía dos días 10 e 17 de nadal polas que se aproban as bases e se designan os membros da mesa de selección para a contratación dun fisioterapeuta, e outra do 3 de xaneiro na que se dá conta

da contratación dunha persoa: de cando é a Resolución da Alcaldía para convocar as probas, onde se publicitaron as mesmas, canta xente se presentou e cando e onde tiveron lugar as probas?

2.- Hai outra Resolución da Alcaldía de data 28 de novembro, da que non se dá conta á Xunta de Goberno do 8 de xaneiro, na que se ordea a rescisión do contrato de prestación de servizos de Antonio Gago e Patricia Deber e a súa contratación por conta allea dende o 1 de xaneiro: qué supón exactamente o cambio de modalidade de contratación e por que se fai? Por qué non se informa das Resolucións da Alcaldía despois da súa promulgación, tal e como marca a lei?

3.- No pleno do mes pasado contestouseme que se sinalaría o embudo da Ponte sobre do ferrocarril da estrada A Gaiosa -Ponte de Sarandón cando se proceda á sinalización da mesma. A estrada enténdese que aínda está en obras, segundo a resposta da Alcaldía noutro pleno, e é de supoñer que non se procederá á súa sinalización ata que rematen as mesmas. Rogo por tanto soliciten a máxima urxencia á Deputación que coloque sinalización de obras que indique o risco existente á maior brevidade posible.

4.- Seguen vostedes cobrando subvencións para a normalización lingüística sen Servizo de Normalización Lingüística no concello. Estas subvencións non lles permiten mercar axendas en galego?

5.- Rogo se dea conta na páxina web, non só das actas das que xa hai compromiso e segue sen facerse, senón tamén dos últimos Regulamentos aprobados e das Resolucións da Alcaldía

6º.- No pleno do 25 de outubro contestouseme que na depuradora de San Xián había un problema cos terreos ocupados que habería que solucionar co catastro e que se comprarían máis fincas; nos planos do proxecto está moi claro que as tuberías tiñan que pasar por camiño e por zonas de servidume do regato, enon por medio de fincas de monte como ocorreu. De quen é a responsabilidade e quen vai pagar agora a compra de nos terreos?. Como se vai indemnizar ós veciños afectados?. Cando se prevé que empece a funcionar a depuradora e a que custo?

7º.- Cando pretende o Alcalde ou Concelleiro de Deportes contestar as preguntas do pleno da comparecencia?

--Don José Alvela de TEGA, pregunta sobre o desprendemento de pedras en Silva de Abaixo. Tamén roga que se visite o lugar de Afós para estudar a conexión dun veciño á rede de sumidoiros.

Ademais solicita que se vexa en San Xián onde se instalará a depuradora a situación da obra para evitar prexuízos.

--Don Carlos Martínez do PP pregunta:

1.- Solucionouse xa o problema da falta de auga na Casa de Cultura de San Xián? De non ser así, rogamus se proceda o antes posible.

2.- Cando se van rematar as obras de saneamento de San Xián de Sales? Para que data contan con que poidan conectar os veciños e estea en funcionamento? Estase a traballar dende o concello nalgún proxecto para que o saneamento chegue ás casas da parroquia e poidan enganchar cando rematen as obras da depuradora? De non ser así, rogamus que se poñan a

traballar niso para que os veciños desa parte do concello conten con este servizo tan necesario o antes posible.

3.- Por qué se puxo iluminación navideña en todo o concello menos na parroquia de Merín?

4.- Están sendo arranxados os muíños que hai no lugar de Os Muíños (San Mamede) e algún dos propietarios destes muíños son de Merín, con que autorización conta o concello? Pediuselle permiso a estos veciños para meterse na súa propiedade privada?

5.- Cando se pensa asfaltar a pista que da á entrada da vivenda do veciño de Merín, Juan Castiñeiras? O dito asfaltado xa foi solicitado en multitude de ocasións.

6.- Ten o concello pensado rematar as obras que empezou durante a campaña electoral na aldea de Fraíz (Merín) e que leven máis de seis meses paradas sen terminar de asfaltar e sen poñer as tapas correspondentes ás arquetas que se fixeron (teñen unhas tapadeiras feitas de táboas)?

7.- En qué finca ou fincas en concreto se vai instalar a depuradora en San Pedro de Sarandón?

8.- Cando se van a poñer os amarres dos colectores na parroquia de San Mamede, así como no resto de lugares das demais parroquias que aínda non teñen todos os mencionados amarres postos?

9.- A empresa subministradora de enerxía eléctrica cortou en algún momento a subministración á gardería municipal non últimos meses? Se foi así, cal foi o motivo?

--Así mesmo, o citado concelleiro formula os seguintes rogos:

1.- Rogamos que coa maior brevidade posible se coloque un canalón para a recollida de augas nas escaleiras de acceso ós patios interiores do colexio de Ortigueira en Santa Cruz, dado que cando chove, como nestes días, os rapaces móllanse coma "pitos" coas "cataratas" que caen dende o tellado.

2.- Rogamos que na Escola unitaria de Trobe, coa maior brevidade posible, se leven a cabo os seguintes arranxos: escaleiras de entrada perigosas para os rapaces, cercar ben e arranxar a muralla que está sen enreixado (as pedras caen), arranxar as humidades na fachada principal, arranxar o canalón, arranxar a porta de entrada dado que entra auga por debaixo, mellorar a sinalización da escola e poñer a 50 Km o límite de velocidade.

3.- Rogamos que tan pronto se poida se continúe coa iluminación pública dende o final de Bazar pola pista que vai ata Gatente (casas en contrución e necesario para xente que ven dende a parada do bus en Gatente ata Bazar).

4.-Rogamos que se poña iluminación no aparcadoiro da Fonte de San Antonio (Trobe).

5.- Rogamos que se faga o valado do lavadoiro de Bazar (ten xa os postes). Resulta perigoso pola altura da pista con respecto ó lavadoiro que está máis baixo.

6.- Rogamos se faga de forma urxente o valado do pozo que hai ó lado do lavadoiro de Vilarpiñeiro.

7.- Rogamos que na medida do posible se reforme o lavadoiro da aldea de Trobe.

8.- Rogamos que limpen de forma urxente as cunetas en xeral de Trobe. Neste caso poñemos ademais en coñecemento da Alcaldía que a pista que vai dende Bazar a Vedra necesita que se lle busque unha saída á auga cando chove, dado que pasa por encima da pista e as leiras inúndanse. Igual que a que vai dende o alto de Bazar ata o río, non teñen saída as cunetas e a auga pasa pola pista destruíndoas.

9.- Rogamos que tan pronto se poida se asfalte a pista que vai dende Paizas ata Pedreira.

10.- Rogamos que a sinalización da entrada ó campo de festa de Trobe sexa de raía discontinua.

11.- Rogamos que se poña un cartel de información na aldea de Gatente.

12.- Na casa de cultura de Trobe as paredes interiores de pedra necesitan que se lles faga algo porque estánse a desfacer. Rogamos se estude e intente solucionar o mencionado problema.

13.- Rogamos que cando se lle pase a desbrozadora á parroquia de Illobre se lle pase tamén á pista aberta dende Prumadelos á EDAR de San Xián, xa que están a medrar as mimosas e logo cruzarán a pista.

14.- En Prumadelos á beira da estrada Vedra-Santa Lucía hai un vertedoiro de lixo, rogamos que se retire e se sinalice para que non se verta máis alí.

15.- Solicitamos que se inicien os trámites para a ampliación da ponte de Couso, preto da depuradora de San Xián e se redacte un proxecto para esa pista que une Illobre e San Xián para incluír nun próximo plan de obras. Mentres tanto solicitamos que se repoña unha das pedras que caeron da ponte.

16.- Poñemos en coñecemento da Alcaldía que o recheo feito para a estación de bombeo das obras de saneamento de San Xián de Sales está facendo de dique de contención da auga que se embalsa nas leiras lindantes, auga que pouco a pouco vai arrasando o camiño, cos prexuízos que iso acarrea. Rogamos que se tomen medidas para arranxar esta situación.

17.- Solicitamos que se cambie a marquesiña do lugar de Cibrán por unha nova, xa que nesa parada hai moitos nenos.

18.- Rogamos que se arranxen os variados desperfectos que existen na casa cultural de San Miguel de Sarandón.

19.- Rogamos que se arranxe a luz pública no lugar de Ribeira (San Pedro de Sarandón), dado que cando alumea unha farola apágase a outra. Igualmente que se arranxe no lugar de Xián (San Pedro de Sarandón) dado que están farolas encendidas todo o día ou parte del.

20.- Rogamos que se arranxe a marquesiña que se atopa en Trasariz de Abaixo. Igualmente tivemos queixas veciñais en canto á marquesiña de Pousada, dado que a pesar de ser nova, cando chove os rapaces móllanse igual, descoñecendo se é polo diseño da marquesiña ou pola orientación, polo que rogamos se lle busque unha solución.

21.- Dende onde se acaban as beirarrúas en Pousada ata a de Guerra, non existe beiravía, nin sitio habilitado algún para que os rapaces e os veciños en xeral poidan andar sen perigo, polo que rogamos se prolonguen as beirarrúas en dita distancia ou se lle busque unha solución alternativa e satisfactoria para os viandantes, fundamentalmente nenos.

22.- Rogamos que se completen os sinais de STOP en Vedra.

23.- Rogamos que poñan o cristal que falta na marquesiña situada en Rozadela.

24.- Rogamos que tan pronto se poida se ensanche a pista de entrada a Neira de Arriba dende a estrada provincial.

25.- Sabedores de que a Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla acaba de editar un libro no seu 80 aniversario, entendemos que sería moi positivo tanto para o Concello como para a Banda que se tivera en conta o mencionado libro como agasallo habitual do Concello nas distintas obrigas que neste senso teña con visitantes, invitados, institucións, etc, de tal xeito que solicitamos que na medida do posible se lle adquira á Banda un número importante do seu libro con fin de ser agasallo habitual do Concello e á súa vez forma de financiamento de dita Banda.

26.- Solicitamos a reposición do espello do lugar de Quintáns en San Xián de Sales, xa solicitado con anterioridade e que a Alcaldía quedara en repoñelo.

27.- Solicitamos a substitución do colector que está na entrada ó cemiterio de San Xián por un grande porque ademais de estar roto o que hai quédase pequeno

28.- Solicitamos o remate das obras de acceso á igrexa de San Xián coa brigada municipal

29.- Solicitamos que dende o concello se fagan as xestións posibles para tentar axilizar as obras da estrada Vedra -Santa Lucía, na última fase (a do Concello de Santiago), xa que se está coa expropiación dos terreos na parte de Vedra e sería conveniente levar as dúas fases seguidas

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e cinco minutos

